



PLAN DE VOLUNTARIADO



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- CONTEXTO	5
3.- FINALIDADE E OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO	5
4-PRINCIPIOS BÁSICOS NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE VOLUNTARIADO	6
5-PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO	7
6-CICLO DE XESTIÓN DO VOLUNTARIADO	9
DIVULGACIÓN DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO:	9
ENCAIXE DAS PERSOAS VOLUNTARIAS NOS PROGRAMAS/ACTIVIDADES:	10
7-PERSOA COORDINADORA DO VOLUNTARIADO	12
8-SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	12
ANEXO I.- ACORDO DE INCORPORACIÓN AO VOLUNTARIADO	13
ANEXO II: PROGRAMA VOLUNTARIADO – FICHA DE INSCRIPCIÓN	17
ANEXO III: TARXETA DE VOLUNTARIADO	20
ANEXO IV: CONSENTIMIENTO FAMILIAR PARA INCORPORACIÓN AO VOLUNTARIADO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE	21

1.- INTRODUCCIÓN

A Asociación Galega de Familias de Acollida, ACOUGO, nace das necesidades dun grupo de familias que queremos involucrarnos en maior medida na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección. Por isto acordamos asociarnos e así establecer un marco organizado e formal para colaborar e apoiar a Administración e a outras entidades integrantes na rede formal que traballa en prol dos nenos, nenas e adolescentes. Todas e cada unha das partes integrantes neste sistema son necesarias para velar polos dereitos e intereses das persoas en xeral, e das máis vulnerables, en particular (incluíndo as familias de orixe).

No Documento de Traballo “**CRITERIOS DE COBERTURA, CALIDAD Y ACCESIBILIDAD EN ACOGIMIENTO FAMILIAR (D.A. 3ª LEY 26/2015)** aprobado na reunión de comisión delegada de Servicios Sociales celebrado o 2 de outubro de 2019, elaborado pola Dirección General de Servicios para las Familias y la Infancia, de la Secretaría de Estado de Servicios Sociales, del Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social”, na que Galicia participou, recóllense unha serie de dereitos e deberes das familias acolledoras. Así mesmo, inclúe varias medidas, entre as que se atopan o fomento do acollemento familiar e o fomento do asociacionismo das persoas e familias acolledoras:

(...) 2. Elementos esenciales de los procedimientos de acogimiento familiar: valoración de aptitud educadora de las familias; compensación económica, para el acogimiento especializado como para el ordinario, con especial atención a las necesidades derivadas del acogimiento de menores con discapacidad; medidas de fomento y apoyo al acogimiento familiar; campañas informativas; fomento del asociacionismo de las personas y familias acogedoras.

Neste marco, consideramos necesario que as familias acolledoras teñan unha representación formal específica debido á súa particular idiosincrasia e para poder participar de xeito activo e organizado, sobre todo, por non existir a día de hoxe unha asociación en toda a nosa comunidade que se ocupe de representar as familias acolledoras en exclusividade.

Segundo o boletín de datos estatísticos correspondente ao ano 2022, en Galicia, a porcentaxe de infancia e adolescencia en acollemento familiar respecto ao total de nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección era do 58%.

Unha das nosas prioridades é difundir o acollemento familiar como o mellor recurso para a protección á infancia e adolescencia en situación de desamparo ou risco, comprometéndonos así co programa de sensibilización social e captación de posibles persoas e familias acolledoras.

Cremos firmemente, dende a nosa experiencia e coñecementos, que traballando co “interese superior da infancia” como lema, e acompañando dende a proximidade ás novas

familias acolledoras, poderemos crear un contexto de confort e seguridade favorecedor do acollemento familiar como alternativa de protección.

Poñer en valor o traballo das familias acolledoras, apoialas e coidalas, é garantía de continuidade e éxito para que as persoas menores de idade en desprotección medren coa maior estabilidade física e emocional. Permite darlles a posibilidade dun modelo de familia estruturada e normalizada, con figuras seguras de referencia, nun ambiente de afecto e sostén.

Dar á infancia e á adolescencia a oportunidade de medrar en ambientes normalizados pero sen romper, na medida en que se poida, o contacto coa súa familia de orixe é fundamental para o desenvolvemento pleno e saudable de todas as súas capacidades e cualidades.

Neste senso, unha preocupación común é o traballo que se vén efectuando coas familias de orixe, e as posibilidades reais de retorno ou de cumprimento de visitas que, en moitas ocasións, non van todo o ben que se desexa. A nosa proposta neste ámbito é de apoio e colaboración, para que na medida do posible, estas familias de orixe, tamén se poidan ver representadas.

Quixéramos facer referencia a outra cuestión que para nós é de especial importancia, a alta taxa de institucionalización da infancia e a adolescencia que quebra o dereito de todas as persoas menores de idade a medrar nun ambiente familiar.

“Vivir en familia non só é un dereito fundamental, senón tamén, o xeito máis eficaz de garantir o adecuado desenvolvemento da infancia e a adolescencia e a satisfacción das súas necesidades”.

Ter experiencias de vida familiar contribúe de xeito positivo ao desenvolvemento social e afectivo da infancia e a adolescencia, aportando os vínculos que todas as persoas necesitamos para desenvolvernos exitosamente na vida.

O traballo neste eido é un dos que máis nos impulsan a comezar esta aventura. Vivámola xuntas!

2.- CONTEXTO

“Non todas as persoas poden ser familias de acollida, pero si todas as persoas poden facer algo polo acollemento familiar”

En España, segundo os datos reflectidos no boletín estatístico número 25, publicado polo Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, hai 17.061 acollementos residencias rexistrados en 2022 (últimos datos facilitados), un 5,46% mais que o ano anterior, sendo por tanto moi necesario impulsar o acollemento familiar, tal e como se establece na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, onde indica no seu artigo 11 a necesidade de priorizar o acollemento familiar fronte ao institucional. Todo isto, está avalado pola Convención sobre os Dereitos do Neno, onde no preámbulo recalca a importancia que ten para o desenvolvemento da infancia e a adolescencia que a súa crianza se leve a cabo na familia como unidade fundamental para o crecemento e o benestar, sendo neste caso, o acollemento familiar a mellor alternativa para os nenos, nenas e adolescentes que, por diversos motivos, deben saír do seu fogar de orixe. Polo tanto, podemos observar un consenso internacional e unha lexislación nacional que se decanta por esta medida, a cal non se pode levar a cabo si non existe un compromiso claro por parte das institucións.

Tendo en conta todas estas recomendacións, na nosa comunidade autónoma, os datos que nos refire a Xunta de Galicia do 2022 revelan que do total da infancia e adolescencia en garda ou tutelada pola institución (2.272), só 1.236 se atopan en familias de acollida, sexa esta extensa ou allea.

Por todos estes motivos expostos, é especialmente necesario o traballo a prol do acollemento familiar, un eido onde tamén podemos incluír a figura do voluntariado a través dun programa de actividades de difusión, sensibilización, comunicación, de apoio as familias acolledoras e de orixe e de apoio as crianzas e adolescentes que están no sistema de protección.

3.- FINALIDADE E OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

A tripla finalidade do plan de voluntariado:

- Proporcionar unha canle efectiva para que a cidadanía poida exercer o seu compromiso e a súa responsabilidade social coa infancia e a adolescencia, en función da súa sensibilidade.
- Definir e consolidar programas de participación de voluntariado para dar respostas ás necesidades sociais vencelladas coa protección á infancia e a adolescencia.

- Fortalecer o traballo de Acougo sobre o acollemento familiar, involucrando a labor do voluntariado nun proceso de enriquecemento mutuo que contribúa a unha sociedade mais comprometida coas persoas mais vulnerables.

Os obxectivos específicos do plan de voluntariado:

- Integrar ás persoas voluntarias dentro da asociación para que apoiem a misión final de Acougo.
- Transmitir de xeito efectivo os fins e valores de Acougo.
- Definir e consolidar programas de participación de voluntariado para dar respostas ás necesidades sociais.
- Acompañar ás persoas voluntarias dende o momento da súa incorporación ata o momento da súa desvinculación.
- Xerar un espazo de formación para as persoas voluntarias sobre acollemento familiar e o sistema de protección.
- Sumar persoas ao proxecto de Acougo.
- Fortalecer o traballo territorial sobre o acollemento familiar a través do voluntariado.

4-PRINCIPIOS BÁSICOS NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE VOLUNTARIADO

A través do voluntariado as persoas tecemos unha rede de colaboración e compromiso imprescindible para desenvolvernos como sociedade sen deixar a ninguén atrás.

Por isto facilitar canles de participación cidadán ha de ser unha aspiración de todas as organizacións sociais, ofrecendo as condicións necesarias para que as persoas voluntarias poidan desenvolver o seu compromiso acorde coas súas capacidades e sensibilidade.

Para isto as persoas voluntarias deben comprometerse conscientemente, coñecedoras de que a labor de acompañamento a nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade, require unha estabilidade no seu compromiso.

De acordo con isto, os principios básicos que guían a participación voluntaria son:

- **Participación:** as persoas voluntarias deben participar activamente nas actividades propias asignadas, na súa organización e na avaliación das mesmas.
- **Compromiso:** as persoas voluntarias deben estar comprometidas cos fins e obxectivos da nosa entidade.

- **Motivación:** as persoas voluntarias deben estar motivadas para poder participar nas nosas actividades e ter unha sensibilidade especial coas necesidades da infancia e da adolescencia.
- **Dispoñibilidade:** as persoas voluntarias deben ter unha adecuada dedicación en base ao acordado no compromiso inicial.
- **Capacitación:** as persoas voluntarias serán incorporadas a cursos de formación básica e continuada que consideramos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades coa maior calidade posible.
- **Regulación:** as persoas voluntarias actuarán conforme a regulación legal do voluntariado na nosa comunidade sendo debidamente acreditadas e baixo un compromiso formal debidamente establecido.

5-PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

As persoas que queiran facer accións de voluntariado en Acougo, poderán facelo a través dos seguintes programas e segundo a súa sensibilidade e dispoñibilidade:

PROGRAMA DE DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN: difundir e comunicar coa finalidade de alcanzar o máximo número de persoas posible, para sensibilizar sobre a realidade da infancia e a adolescencia no sistema de protección e espallar a cultura do acollemento.

As actividades que poderá realizar dentro deste programa son:

- o Colaborar na elaboración de materiais e contidos para redes sociais.
- o Compartir o contido das rrss para unha maior penetración social da nosa labor.
- o Participar nas accións de difusión nas que o equipo profesional de ACOUGO transmite á sociedade o valor, o modo de funcionamento e as características do acollemento familiar como recurso de protección á infancia e á adolescencia.
- o Sensibilización “acollendo o acollemento” nos centros escolares
- o Sensibilización a outras instancias e organizacións sociais.
- o Achegar o acollemento familiar como “persoa chave” ao resto da comunidade, actuando como persoa facilitadora do acceso a centros escolares, entidades, concellos, institucións e ás diferentes administracións.
- o Colaborar na organización dos diferentes eventos que se realicen para sensibilizar en materia do acollemento familiar (20 de novembro, día da familia, día do pixama, etc).

PROGRAMA DE APOIO Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN: coa finalidade de proporcionarlles alternativas de experiencias lúdicas, positivas e saudables e establecer relacións afectivas xenuínas.

As actividades que poderá realizar dentro deste programa son:

- Encontros entre irmáns e irmás: actividade de acompañamento aos encontros que realizamos entre irmáns e irmás que viven en diferentes contornas familiares e residenciais para que manteñan e reforcen os seus vínculos afectivos, garantes dun desenvolvemento san e da construción da súa identidade.
- Ocio positivo entre iguais: actividades lúdicas de ocio positivo entre iguais con NNA do sistema de protección de diferentes idades.
- Apoio educativo: actividades formativas de apoio e reforzo educativo para NNA con necesidades educativas que están en procesos de acollemento familiar.
- Fins de semana de infantís, xuvenís e familiares: estadías de fins de semana nas que o voluntariado desenvolve actividades lúdicas e de fortalecemento do desenvolvemento social e persoal cos NNA durante un fin de semana.
- Campamento “Agarimos”: Campamento pensado por e para os nenos e nenas en acollemento residencial que ten como obxectivo principal proporcionarlles unha experiencia onde cada crianza ten unha persoa voluntaria de referencia en exclusiva.
- Servizos de conciliación: actuacións puntuais por horas nas que o voluntariado realiza actividades lúdicas cos nenos e nenas, mentres desenvolvemos actividades ou servizos de formación, asesoramento e apoio para as familias acolledoras e de orixe.

PROGRAMA DE APOIO AS FAMILIAS ACOLLEDORAS E DE ORIXE: coa finalidade de realizar accións para facilitar a crianza e o abordaxe das dificultades da vida diaria.

As actividades que poderá realizar dentro deste programa son:

- Encontros de familias acolledoras: actividade de convivencia e formación que ocupa unha xornada, na que o voluntariado pode contribuír a planificar e desenvolver dito encontro.
- Banco de recursos: xestión do almacenamento e distribución de equipamento (roupa, xoguetes, obxectos,...) que se poñen a disposición das familias en función das súas necesidades.

- Grupos de apoio mutuo: se xa es familia acolledora podes compartir a túa experiencia en acollemento familiar como “familia experta” intervindo en diferentes eventos puntuais compartindo experiencias, e/ou participando no grupo de whatsapp de familias.

6-CICLO DE XESTIÓN DO VOLUNTARIADO

O perfil básico das persoas interesadas en facer voluntariado na nosa asociación debe ter as seguintes características:

- Maior de 16 anos
- Interese por participar activamente na mellora das condicións de vida dos colectivos en especial vulnerabilidade.
- Sensibilidade especial coa infancia e a adolescencia
- Identificación cos obxectivos, fins e misión da entidade.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Dispoñibilidade e motivación para realizar voluntariado.

A xestión do voluntariado será do seguinte xeito:

DIVULGACIÓN DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO:

Suporá o primeiro contacto da entidade coas persoas voluntarias. A captación realizarase a través dos seguintes medios:

- Charlas de difusión e formación.
- Páxina web
- Redes sociais
- Boca a boca

Na páxina web e redes sociais publicarase a información xeral sobre os programas de voluntariado, os requisitos de participación, así como as prazas vixentes para cada programa.

A información sobre os programas de voluntariado tamén se publicará na páxina da Xunta voluntariadogalego.org

Para a realización da inscrición no programa de voluntariado, haberá un enlace na páxina web de Acougo. Unha vez recibida a información, o equipo técnico poñerase en contacto coa persoa que realiza a solicitude para coñecerse e falar dos seguintes pasos a dar.

ENCAIXE DAS PERSOAS VOLUNTARIAS NOS PROGRAMAS/ACTIVIDADES:

○ INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN:

Realizarse unha entrevista persoal na que :

- Se dará a coñecer a nosa organización e os nosos proxectos (para valorar se a entidade cumpre as expectativas da persoa voluntaria) e para saber se o perfil da persoa voluntaria encaixa no programa de voluntariado.
- Se proporcionará información sobre as actividades abertas á participación do voluntariado.
- Se orientará á persoa voluntaria nas actividades que mais se axustan ao seu perfil dentro de Acougo.

○ INCORPORACIÓN:

Para iniciar a incorporación, a persoa voluntaria firmará un “acordo de incorporación” (**ANEXO I : Acordo de incorporación**) ao voluntariado de Acougo no que se dispón de toda a información necesaria e se confirma o ingreso na entidade de xeito voluntario.

Por parte da persoa voluntaria:

- Cubrirase unha ficha de inscrición (**ANEXO II : ficha de inscrición**) cos seus datos persoais, a súa dispoñibilidade e os programas/actividades nos que esta interesada en participar e a autorización para a recollida e tratamento de datos e imaxes (**ANEXO III: autorización recollida datos e imaxes**)
- Aportarase por cada persoa voluntaria o **certificado negativo de delitos sexuais**, necesario para realizar intervencións con persoas menores de idade.

Por parte de Acougo:

- Incluíranse ás persoas voluntarias nunha póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Reembolsaranse os gastos que ocasione a actividade voluntaria, previa entrega das facturas e documentación que xustifiquen o gasto.
- Facilitaráselle á persoa voluntaria unha acreditación que a habilite como voluntaria en Acougo (**ANEXO IV**)

- Elaborarase un certificado da duración e tipoloxía das actividades, se o precisa a persoa voluntaria.

○ **FORMACIÓN:**

O obxectivo é a integración e acollida da persoa voluntaria pero tamén a transmisión de habilidades e valores necesarios para o exercicio do voluntariado na entidade. Será de dous tipos:

- Formación específica inicial: formación básica para coñecer o traballo que desenvolve Acougo, as diferentes normativas e procedementos internos. A persoa voluntaria pode participar na sesión de información por concellos (no concello mais próximo ao seu domicilio).
- Formación específica continua: sobre temas relacionados co acollemento familiar e que serán de utilidade para o desenvolvemento da súa labor como persoa voluntaria.

○ **DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN VOLUNTARIA:**

A través dos proxectos descritos na ficha de inscrición.

○ **SEGUIMIENTO:**

O seguimento das actividades das persoas voluntarias da nosa organización, se realizará a través dos diferentes canais, que enumeramos a continuación:

- A través de contactos telefónicos ou de correo electrónico.
- Reunións entre as persoas voluntarias e as persoas responsables do programa de voluntariado.
- Encontros de persoas voluntarias da nosa entidade, para o intercambio de experiencias, o coñecemento mutuo, a motivación, o compromiso, o recoñecemento da súa labor voluntaria e a resolución de dificultades.

○ **DESVINCULACIÓN:**

Daremos de baixa nos rexistros á persoa voluntaria e se lle facilitará un certificado da súa experiencia na entidade se así o solicita, e un diploma de participación no programa.

Agradecerase á persoa voluntaria a súa labor na entidade, e ofrecerase a realización dunha avaliación final para identificar áreas de mellora na xestión interna.

7-PERSOA COORDINADORA DO VOLUNTARIADO

Para coordinar a labor do equipo de persoas voluntarias, Acougo asignará unha persoa responsable do voluntariado que terá a formación suficiente e adecuada para desenvolver as seguintes funcións:

- Contacto inicial coa persoa que quere acceder ao voluntario Acougo.
- Entrevista inicial coa persoa voluntaria.
- Orientación ás persoas voluntarias sobre o mellor encaixe nos programas/actividades a desenvolver.
- Arquivo das fichas de acordos de incorporación.
- Entrega de carnés de voluntariado.
- Seguimento das actividades de voluntariado realizadas polas persoas voluntarias.
- Entrevistas de seguimento coas persoas voluntarias.
- Realización da formación do voluntariado.
- Realización da memoria anual das actividades de voluntariado.

8-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Se elabora un sistema de indicadores que nos permite avaliar a consecución dos obxectivos. Esta táboa completárase cada ano pola persoa responsable do voluntariado. O sistema de indicadores contempla:

- Nº de voluntarios/as que se incorporan
- Nº de voluntarios/as que se manteñen doutros anos
- Nº de actividades de formación realizadas
- Nº de persoas asistentes ás accións formativas
- Nº de actividades de voluntariado realizadas



Asociación galega de familias de acollida

tod@ nen@ merece unha familia... ou dúas

tod@ nen@ merece unha familia... ou dúas